

Ordenanza fiscal núm. 5

Ordenanza reguladora da taxa pola ocupación subsolo, solo e voo das vías públicas.

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

O amparo no previsto nos artigos 58 e 20.3 apartado e), g), j), k) da lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 e 19 de dito texto legal, este Concello establece a taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública, nos termos establecidos no artigo 6 desta Ordenanza, onde se regulan as tarifas a aplicar.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, as cales se lles outorgan as licenzas para desfrutar do aproveitamento especial, ou quen se beneficien do mesmo, sen haber solicitado a licenza.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán soamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
2. Os copartícipes ou cotitulares das Entidades Xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participación das obrigas tributarias de ditas Entidades.
3. Os administradores de persoas xurídicas que non realicen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias de aquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:
 - a) Cando se cometeu una infracción tributaria simple do importe da sanción.
 - b) Cando se cometeu una infracción tributaria grave, da totalidade da débeda exisíble.
 - c) Nos supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cese.
4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e con arranxo ó procedemento previstos na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Beneficios fiscais.

1. O Estado, as Comunidades Autónomas, e as Entidades Locais non estarán obrigadas o pagamento da taxa cando solicitasen licenza para desfrutar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen a seguridade cidadán ou a defensa nacional.
2. Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

Artigo 6º. Cota tributaria.

Para as empresas explotadoras de servizos de subministración que afecten a xeneralidade ou a una parte importante da veciñanza, a contía da taxa regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1´5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal ditas empresas.

As taxas reguladas nesta ordenanza esixibles as empresas explotadoras de servizos de subministración citadas son compatibles co Imposto sobre Construción, obras e instalacións e con outras taxas que teña establecidas, ou poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos.

Artigo 7º. Normas de xestión.

Poderán establecerse convenios de colaboración con organizacións representativas dos suxeitos pasivos, ou con entidades que deban tributar pola municipalidade de feitos impositivos, co fin de simplificar os procedementos de declaración, liquidación ou recadación.

As taxas previstas no punto 1 do artigo anterior deberá ser satisfeita polas empresas prestadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade da veciñanza tanto cando sexan propietarios da rede que materialmente ocupa o subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais como no suposto que utilicen redes que pertencen a un terceiro. Telefónica de España, S.A. presentará as súas declaracións axustadas ao que prevé a vixente Lei 15/1987. A declaración de ingresos brutos comprenderá a facturación de Telefónica de España S.A. e das súas empresas filiais.

Artigo 8º. Debeño.

1. A taxa devindicarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento que a estes efectos, entendese que coincide co de concesión da licenza, si a mesma foi solicitada.
2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para desfrutar especialmente do dominio público local en beneficio particular.
3. Cando se produzo o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, o debeño da taxa ten lugar no momento de inicio de dito aproveitamento.

Artigo 9º. Período impositivo.

1. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial deba durar menos de un ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.
2. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial esténdase a varios exercicios, o debeño da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, no que se aplicará o previsto nos apartados seguintes.

3. Cando se inicie a ocupación no primeiro semestre, abonarase en concepto de taxa correspondente a ese exercicio a cota íntegra. Si o inicio da ocupación ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cota anual.
4. Si se cesa na ocupación durante o primeiro semestre do exercicio procederá a devolución parcial da cota(a metade). Si o cese ten lugar no segundo semestre, non procederá devolver ningunha cantidade.
5. Cando non se autoriza a utilización privativa ou aproveitamento especial, ou o mesmo non resultara posible por causas non imputables ao suxeito pasivo, procederá a devolución do importe satisfeito.

Artigo 10º. Réxime de declaración de ingresos.

1. A taxa poderá esixirse en réxime de autoliquidación.
2. Cando se subscriban convenios con representantes dos interesados, segundo o previsto no artigo 7º.4 desta ordenanza, as declaracións de inicio do aproveitamento especial, ou das variacións dos elementos tributarios, así como o ingreso da taxa realizaranse segundo convenio.
3. En supostos diferentes do previsto no apartado 2, as cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles por os períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.
4. Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, a obriga de pago nace no momento de solicitar a correspondente licenza. A estes efectos, xunto coa solicitude de autorización para desfrutar do aproveitamento especial, presentarse debidamente cumprimentado o imposto de autoliquidación de taxas.

Alternativamente, poden presentarse na Secretaría os elementos da declaración co obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determinar a débeda. Neste suposto, expedirase un abonaré ao interesado, co obxecto de que poida satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo de dez días, nos lugares de pago indicados no propio abonaré.

5. En supostos de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Co fin de facilitar o pago, o Concello remitirá ao domicilio do suxeito pasivo un documento apto para permitir o pago en entidades bancarias colaboradoras.

Sen embargo a non recepción do documento de pago citado non invalida a obriga de satisfacer a taxa no período determinado polo Concello.

6. O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, e neste caso ordenarase o cargo en conta bancaria durante a última quincena do período de pago voluntario.

Artigo 11º. Notificacións das taxas.

1. A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamentos singulares realizarase ao interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación, con carácter previo a prestación do servizo.

Sen embargo o previsto no apartado anterior, si unha vez verificada a autoliquidación resultara incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2. Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais continuados que ten carácter periódico, notificarase persoalmente ao solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.
3. Ao amparo do previsto na Disposición Transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas ao requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado do pago do prezo público ao que substitúe.

Artigo 12. Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto na Lei Xeral Tributaria, a súa normativa de desenvolvemento e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación aprobada polo Concello

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 18 de novembro de 1998 e que quedou definitivamente aprobada en data 30 de decembro de 1998 rexerá a partir do 1 de xaneiro de 1999 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN

BOP 31 DE DECEMBRO DE 1998